

Resolución reitoral do 14 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas de aloxamento para o estudiantado de programas de mobilidade internacional nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol para o curso 2026/27

Preámbulo.....	2
Artigo 1. Solicitantes e requisitos.....	2
Artigo 2. Exclusionés	2
Artigo 3. Número de prazas e cotas de reserva	2
Artigo 4. Selección de solicitantes	2
Artigo 5. Prezos e pagamento do aloxamento.....	2
Artigo 6. Duración das estancias	3
Artigo 7. Procedemento, prazo e lugar de presentación das solicitudes.....	3
Artigo 8. Tramitación das solicitudes	4
Artigo 9. Aceptación, entrega e devolución da fianza.....	4
Artigo 10. Perda do dereito á praza.....	4
Artigo 11. Comprobación de datos e autorización para os obter.....	5
Artigo 12. Réxime xurídico desta convocatoria	5
Artigo 13. Protección de datos.....	5
Disposición final primeira.....	6
Disposición final segunda	6
Anexo I. Valoración das solicitudes de praza.....	7
Anexo II. Documentación que se debe achegar coas solicitudes	8
Anexo III. Solicitud de praza de aloxamento na residencia pública universitaria. Curso 2026/27	9

Preámbulo

A Universidade da Coruña (UDC) convoca prazas de aloxamento nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol para o curso académico 2026/27 para o estudiantado de programas de mobilidade internacional Erasmus+ e Bilateral SM, de acordo coas seguintes bases:

Artigo 1. Solicitantes e requisitos

1. Estudantes entrantes participantes nun programa de mobilidade internacional Erasmus+ ou Bilateral SM para estancias nos campus da Coruña e Ferrol durante o curso 2026/27 e que cumpran cos requisitos que figuran nesta convocatoria.
2. O alumnado deberá estar debidamente nominado pola súa universidade de orixe, en todo caso antes do 31 de maio de 2026, e xustificar que ten un contrato de estudos asinado coa UDC antes da súa entrada na residencia e, como máximo, antes do 7 de setembro de 2026.

Artigo 2. Exclusiones

Ademais das persoas que non cumpran cos requisitos esixidos nesta convocatoria non poderán ser admitidas as solicitudes de estudantes que teñan un informe negativo da residencia da UDC en que estiveran aloxadas anteriormente.

Artigo 3. Número de prazas e cotas de reserva

O número de prazas ofrecidas nas residencias públicas universitarias da UDC para estudantes de mobilidade internacional é o seguinte:

- a) 8 prazas en cuartos dobres na Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (praza Museo Nacional de Ciencia 3, 15011 A Coruña): 5 prazas para mobilidades internacionais baixo os programas Erasmus e 3 prazas para convenios bilaterais asinados pola UDC.
- b) 4 prazas en cuartos dobres na Residencia Pública Universitaria de Ferrol (rúa Sánchez Barcáiztegui 28, 15401 Ferrol): 2 prazas para mobilidades internacionais baixo os programas Erasmus+ e 2 prazas para convenios bilaterais asinados pola UDC.

Artigo 4. Selección de solicitantes

1. Como norma xeral, as prazas de aloxamento serán adxudicadas por orde de recepción de solicitudes ata cubrir o total de prazas ofertadas.
2. Terá prioridade sobre a disposición anterior o estudiantado con estancias anuais e aquel que cumpra algunha das condicións que se especifican no anexo I desta convocatoria, na orde de prioridade que se estableza a partir da suma de puntuacións do baremo establecido.
3. Elaborarase unha lista de espera para cubrir prazas que puidesen quedar libres por renuncia dalgunha das persoas adxudicatarias.

Artigo 5. Prezos e pagamento do aloxamento

1. No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wifi. O

prezo do aloxamento establécese en 212 euros ao mes e será necesario aboar unha fianza de 150 euros.

2. En ningún caso o importe da bolsa que se concede para esta finalidade poderá ser superior ao custo real do servizo, de acordo co establecido no artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. O pagamento da mensuralidade deberase realizar dentro dos cinco primeiros días de cada mes, polo procedemento que se publicará xunto coa resolución definitiva de adxudicación.

4. As renuncias ás prazas das residencias durante o curso académico deberán ser comunicadas por correo electrónico a residence_iro@udc.gal e á residencia onde a persoa fose admitida, cun mínimo de cinco días de antelación.

Artigo 6. Duración das estancias

1. O período de duración das estancias será desde o 1 de setembro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027. As entradas durante o mes de setembro posteriores á data indicada ou as saídas durante o mes de xuño anteriores á data indicada non implicarán modificación de prezo. En caso de querer prorrogar a súa estancia nas residencia poderao solicitar e aboar o importe correspondente.

2. As residencias permanecerán pechadas desde o 21 de decembro de 2026 ao 6 de xaneiro de 2027, e do 22 ao 29 de marzo de 2027, ambos inclusive, agás se alcanzan o 10 % da ocupación de prazas nese momento, sen que esta circunstancia implique ningunha redución dos prezos. A petición de permanencia na residencia nestas datas deberase comunicar cunha antelación mínima de 10 días naturais nos enderezos electrónicos: residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal ou residenciauniversitaria.coruna@udc.gal, segundo corresponda.

Artigo 7. Procedemento, prazo e lugar de presentación das solicitudes

1. A solicitude de praza realizarase a través do documento que figura como ANEXO III ao final desta convocatoria. Unha vez impreso/completado este documento, a persoa solicitante deberao asinar e presentalo xunto coa documentación requirida nos anexos desta convocatoria na Oficina de Relacións Internacionais nos campus da Coruña (Elviña) ou Ferrol (Esteiro).

2. Tamén se poderá presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, deberán adiantar por correo electrónico a solicitude ao enderezo de correo electrónico residence_iro@udc.gal co asunto: RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS_2026/27.

3. O prazo de solicitude permanecerá aberto desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Taboleiro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) ata as 14:00 horas do 23 de xuño de 2026. Admitirase unha única solicitude por persoa.

Artigo 8. Tramitación das solicitudes

1. As solicitudes valoraranse de acordo cos criterios establecidos no artigo 5 e no ANEXO I desta convocatoria.
2. Unha vez finalizado o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse as relacións provisionais das solicitudes admitidas e as denegadas, xunto coa causa de denegación e a lista de espera.
3. As persoas coa solicitude denegada dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións e/ou achegar a documentación que permita emendar os posibles erros.
4. Tras finalizar o prazo de alegacións, publicaranse as listas definitivas de solicitudes admitidas, a lista de espera e a relación de solicitudes denegadas. Todas as publicacións serán realizadas no taboleiro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board).

Artigo 9. Aceptación, entrega e devolución da fianza

1. Desde o día seguinte á publicación da lista definitiva de persoas admitidas, o alumnado dispoñerá de cinco días hábiles para aceptar a praza e depositar a correspondente fianza de 150 euros.
2. O procedemento para ingresar a fianza publicarase xunto coa resolución definitiva de adjudicación.
3. O xustificante do dito ingreso enviarase por correo electrónico a residence_iro@udc.gal e servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa adjudicataria.
4. A asignación dos cuartos efectuarase nas propias residencias e o alumnado deberá asinar o documento de aceptación das condicións xerais que rexen o aloxamento nas residencias.
5. Se non cumpre algún destes trámites, entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu e asignaráselle á persoa que lle corresponda da lista de espera.
6. A fianza devolverase ao final do curso, salvo naqueles casos en que o alumnado deteriore as instalacións ou o mobiliario da residencia, teña débedas pendentes, ou abandone a residencia por decisión propia antes de finalizar o curso. Neste último caso, a fianza poderase devolver en casos excepcionais debidamente xustificadas. O prazo para solicitar a devolución da fianza por renuncia expresa da praza adjudicada será ata o día 11 de setembro de 2026.

Artigo 10. Perda do dereito á praza

Ademais dos que se recollen noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda do dereito á praza que se conceda nas residencias da UDC os seguintes:

- a) O atraso de dous meses no pagamento das cotas da residencia.
- b) A cesión a outra persoa da praza que se lle concedeu.
- c) A anulación ou suspensión da mobilidade.

d) Os que figuran no Regulamento de réxime interno das residencias universitarias públicas.

Artigo 11. Comprobación de datos e autorización para os obter

1. A UDC poderá obter os datos necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria. As prazas adxudicadas serán revogadas en calquera caso cando non se cumpran os requisitos establecidos ou ben cando se oculten ou se falseen os datos.

2. A UDC poderá determinar que se produciu a ocultación ou o falseamento de información por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera administración pública.

Artigo 12. Réxime xurídico desta convocatoria

Aplicarase como normativa supletoria a esta convocatoria a seguinte normativa: Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Artigo 13. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos - RXPDP) e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal.

A solicitude dunha praza nas residencias públicas universitarias ao amparo desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da xestión correcta da adxudicación das prazas. Todas as persoas que teñan contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza conforme esta convocatoria, para o que a UDC lle comunicará os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC (datos de identidade, datos bancarios, situacións persoais necesarias para a correcta prestación do servizo e datos relativos ao uso dos servizos da residencia).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres

resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos estea xustificado con algunha das outras bases de lexitimación previstas no artigo 6 do RXP. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán ser exercidos:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, dispoñible na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado «Outros trámites».
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- A través dunha solicitude ao delegado de Protección de Datos, no mesmo enderezo postal indicado anteriormente, ou no correo electrónico dpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da mencionada Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Disposición final primeira

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que se refire, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no taboleiro electrónico da UDC.

Disposición final segunda

No caso de que como consecuencia dalgunha situación excepcional sexa necesario realizar unha redistribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles, autorízanse a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade e a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social para levar a cabo esta redistribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Anexo I. Valoración das solicitudes de praza

As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de recepción de solicitudes ata cubrir o total de prazas ofertadas. Terán prioridade sobre a disposición anterior o estudantado con estancias anuais e aquel que cumpra algunha das condicións que se enumeran a continuación, para o que se establecerá unha orde de adxudicación en función da suma de puntuacións obtidas por cada participante.

1. Duración da estadía (4 puntos)

Terase en conta a duración da estadía e valoraranse as estancias anuais con 4 puntos. Non é necesario que o estudantado demostre esta condición.

2. Condición de menos oportunidades (3 puntos)

a) A condición de menos oportunidades preséntaa o estudantado que se enfrenta a obstáculos económicos, sociais, culturais, xeográficos ou de saúde, debido á súa orixe inmigrante, por razóns tales como a discapacidade e as dificultades de aprendizaxe ou por calquera outra razón que poida dar lugar a discriminación.

b) Para acreditar esta condición, será necesario remitir unha certificación emitida pola universidade de orixe en que se faga constar que a persoa solicitante se atopa nunha situación de menos oportunidades. Esta condición aplícaselle de maneira prioritaria ao estudantado procedente de países cuxo último índice de desenvolvemento humano (IDH) publicado sexa igual ou inferior a 0,80.

3. Estudantado con discapacidade recoñecida oficialmente (3 puntos)

Persoas solicitantes que acrediten oficialmente unha discapacidade que implique dificultades na súa mobilidade e no seu desenvolvemento das actividades cotiás. Para demostrar esta condición é preciso achegar unha certificación médica con tradución oficial ao inglés cando o idioma sexa distinto do español ou portugués.

Anexo II. Documentación que se debe achegar coas solicitudes

O/a estudante solicitante deberá achegar:

- a) a copia do documento de identificación ou pasaporte
- b) un certificado emitido pola universidade de orixe en que se acredite a condición de menos oportunidades
- c) o certificado médico sobre a súa situación de discapacidade

Cando o certificado médico que se achega estea nun idioma diferente ao español ou ao portugués, o estudiantado terá que achegar unha tradución oficial ao inglés.

Anexo III. Solicitud de praza de aloxamento na residencia pública universitaria. Curso 2026/27

RESIDENCIA UNIVERSITARIA DA CORUÑA RESIDENCIA UNIVERSITARIA DE FERROL

DATOS PERSOAIS (hai que o completar en letra maiúscula):

HOME MULLER OUTRO NON DECLARO

Apelidos e nome:

Documento de identificación ou pasaporte:.....

Data de nacemento: Enderezo para os efectos de notificación:

C. Postal:.....Poboación:.....Provincia:.....País:.....

Teléfono de contacto:Correo electrónico:.....

DURACIÓN DA ESTANCIA:

Anual

1 semestre

DATOS ACADÉMICOS NA UDC:

Alumno/a do grao en:.....

Alumno/a do máster en:.....

DATOS ACADÉMICOS CURSO 2025/26:

Universidade de orixe:.....

Estudos realizados no curso 2025/26:.....

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR (marque cun X a documentación que entrega):

Fotocopia do documento de identificación ou pasaporte

Certificado de menos oportunidades

Certificado de discapacidade

Declaro responsablemente que é certa a información e a documentación que achego con esta solicitude.

Data:.....

Sinatura:

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto en Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, enderezo de correo electrónico rp@udc.gal. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión das prazas adxudicadas nas residencias universitarias da UDC. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. A Fundación UDC será a encargada de xestionar as altas e baixas do alumnado adxudicatario de praza conforme esta convocatoria, para o que a UDC lle comunicará os datos necesarios para desempeñar esta función, tal e como se reflicte no Encargo de xestión á Fundación UDC e na convocatoria de prazas para as residencias. A persoa interesada consente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da LOPD, e consente no indicado tratamento dos datos para os efectos de cumprir a finalidade descrita nos termos establecidos na convocatoria; terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento quedase xustificado por algunha das demais bases de lexitimación do artigo 6 do RXP. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento nos termos previstos na lexislación vixente, a través das vías indicadas en: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-registro/

Rector's Resolution of 14 May 2026 establishing the regulatory framework for the allocation of accommodation places for students participating in international mobility programmes in the public university residences on the campuses of A Coruña and Ferrol for the academic year 2026/27.

Preamble.....	2
Article 1. Applicants and requirements	2
Article 2. Exclusions.....	2
Article 3. Number of places and reservation fees	2
Article 4. Selection of applicants.....	2
Article 5. Prices and payment of accommodation.....	2
Article 6. Duration of stays	3
Article 7. Procedure, deadline and place of submission of applications.....	3
Article 8. Processing of applications	3
Article 9. Acceptance, delivery and return of the deposit.....	4
Article 10. Loss of entitlement to the place	4
Article 11. Data verification and authorisation to obtain it.....	4
Article 12. Legal regime of this call for proposals	5
Article 13. Data protection.....	5
First final provision	6
Second final provision.....	6
Annex I. Assessment of applications for places	7
Annex II. Documentation to be provided with applications	8
Annex III. Application for a place in the public university residence hall. Course 2026/27	9

Preamble

The Universidade da Coruña (UDC) calls for accommodation places in the public university residences of the campuses of A Coruña and Ferrol for the academic year 2026/27, for students of international mobility programmes Erasmus+ and Bilateral SM, according to the following articles.

Article 1. Applicants and requirements

1. Incoming students participating in an Erasmus+ or Bilateral SM international mobility programme, for stays on the A Coruña and Ferrol campuses during the academic year 2026/27, and who meet the requirements set out in this call.
2. Students must be duly nominated by their University of origin, in any case, before 31 May 2026, and justify having a learning agreement signed with the UDC before entering the residence hall, in any case, before the 7th of September 2026.

Article 2. Exclusions

In addition to people who do not meet the requirements set out in this call, applications from students who have a negative report from the UDC residence where they were previously housed will not be accepted

Article 3. Number of places and reservation fees

The number of places offered in the public university residences of the UDC for international mobility students is as follows:

- a) 8 places in double rooms in the Elvira Bao Public University Hall of Residence (Plaza Museo Nacional de Ciencia 3, 15011 A Coruña): 5 places for international mobility under the Erasmus+ programmes, and 3 places for bilateral agreements signed by the UDC.
- b) 4 places in double rooms in the Public University Residence of Ferrol (Calle Sánchez Barcáiztegui 28, 15401 Ferrol): 2 places for international mobilities under the Erasmus+ programmes, and 2 places for bilateral agreements signed by the UDC.

Article 4. Selection of applicants

1. As a general rule, accommodation places will be allocated in order of receipt of applications, until the total number of places offered is covered.
2. Students with annual stays and those who fulfil any of the conditions specified in Annex I of this call will have priority over the previous provision, in the order of priority established on the basis of the sum of the scores of the established scale.
3. A waiting list will be established to cover places that may become vacant due to the resignation of any of the successful applicants.

Article 5. Prices and payment of accommodation

1. The price includes heating, electricity, water and wifi connection. The price of the accommodation is set at 212 euros per month, and a deposit of 150 euros is required.

2. Under no circumstances may the amount of the grant awarded for this purpose exceed the actual cost of the service, in accordance with the provisions of article 19.3 of Law 38/2003, of 17 November, General Law on Subsidies.
3. The monthly payment must be made within the first five days of each month, in accordance with the procedure that will be published together with the final award decision.
4. Resignations to the residence hall places during the academic year must be communicated by e-mail to residence_iro@udc.gal, and to the residence hall where the student has been admitted, at least five days in advance.

Article 6. Duration of stays

1. The duration of the stays will be from 1 September 2026 to 30 June 2027. Any check-in during the month of September after the above date, or check-out during the month of June before the above date, will not entail any change in price. If you wish to extend your stay in the residence hall, you may request it and pay the corresponding amount.
2. The residences will remain closed from 21 December 2026 to 6 January 2027, and from 22 to 29 March 2027, both inclusive, except if they reach 10% of the occupation of places at that time, without this circumstance implying any reduction in prices. The request to stay at the residence hall on these dates must be communicated at least 10 calendar days in advance to the following e-mail addresses: residenciauniversitaria.ferrol@udc.gal or residenciauniversitaria.coruna@udc.gal as the case may be.

Article 7. Procedure, deadline and place of submission of applications

1. The application for a place shall be made by means of the document that appears as ANNEX III at the end of this call for applications. Once this document has been printed/completed, the applicant must sign it and submit it together with the documentation required in the annexes of this call for applications to the International Relations Office at the A Coruña (Elviña) or Ferrol (Esteiro) campuses.
2. Applicants may also submit it by any of the procedures established in article 16 of Law 39/2015, of 1 October, on the common administrative procedure of public administrations. In this case, the application must be sent by e-mail to the following e-mail address residence_iro@udc.gal with the subject: RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS_2026/27.
3. The application period will be open from the day following the publication of the call for applications on the UDC Electronic Bulletin Board (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) until 14:00h on 23 June 2026. Only one application per person will be accepted.

Article 8. Processing of applications

1. Applications will be assessed in accordance with the criteria set out in Article 5 and ANNEX I of this call.

2. Once the application evaluation process has been completed, provisional lists of successful and unsuccessful applications will be published, together with the reason for rejection and the waiting list.
3. Persons whose applications have been rejected will have five working days to present allegations and/or provide documentation to rectify possible errors.
4. At the end of the period for allegations, the definitive lists of admitted applications, the waiting list and the list of rejected applications will be published. All publications will be made on the UDC's electronic bulletin board (https://sede.udc.gal/services/electronic_board).

Article 9. Acceptance, delivery and return of the deposit

1. From the day after the publication of the definitive list of admitted students, they will have five working days to accept the place and deposit the corresponding deposit of 150 euros.
2. The procedure for the payment of the deposit will be published together with the final award decision.
3. Proof of payment will be sent by e-mail to residence_iro@udc.gal, and will serve as confirmation of acceptance of the place by the successful applicant.
4. The allocation of rooms will take place in the residence halls themselves, and students must sign the document of acceptance of the general conditions governing accommodation in the residence halls.
5. If any of these formalities are not fulfilled, it will be understood that he/she renounces the place granted to him/her, and the corresponding person on the waiting list will be filled.
6. The deposit will be returned at the end of the course, except in those cases in which the student damages the facilities or furnishings of the residence hall, has outstanding debts, or leaves the residence hall of his/her own accord before the end of the course. In the latter case, the deposit may be returned in duly justified exceptional cases. The deadline for requesting the return of the deposit in the event of express relinquishment of the place awarded will be 11 September 2026.

Article 10. Loss of entitlement to the place

In addition to those included in other sections of this call, the following will be reasons for loss of the right to the place granted in the residences of the UDC:

- a) Two months' arrears in the payment of residence fees.
- b) The transfer to another person of the place granted to him/her.
- c) The cancellation or suspension of mobility.
- d) Those set out in the Internal Regulations of the Public University Residence Halls.

Article 11. Data verification and authorisation to obtain it

1. The UDC may obtain the necessary data to verify compliance with the requirements of

this call for applications. The allocated places will be revoked in any case when the established requirements are not met, when there is concealment or falsification of the data provided.

2. The udc may establish that there has been concealment or misrepresentation of information by any means of evidence, and in particular by means of data held by any public administration.

Article 12. Legal regime of this call for proposals

The following regulations shall apply as supplementary rules to this call for applications: Royal Decree 1721/2007, of 21 December, which establishes the system of grants and personalised study aids.

Article 13. Data protection

In compliance with Article 13 of Regulation (EU) 2016/679 of the European Parliament and of the Council of 27 April on the protection of individuals with regard to the processing of personal data and on the free movement of such data (General Data Protection Regulation - GDPR), and Article 11 of Organic Law 3/2018 of 5 December, on the protection of personal data and guarantee of digital rights (LOPD), we inform that the data provided by the interested party through the concurrence to this call will be processed under the responsibility of the Universidade da Coruña (UDC), with the contact details calle Maestranza 9, 15001, A Coruña, telephone 981167000, email secretaria.xeral@udc.gal.

Applying for a place in the public university residences under the protection of this call implies acceptance of its content and authorisation for your personal data to be used by the university, in accordance with the LOPD, for the purpose of the correct management of the allocation of places. All persons who come into contact with this data for the aforementioned purpose shall comply with the duty of confidentiality established in article 5 of the LOPD. The UDC Foundation shall be responsible for managing the registration and cancellation of the students awarded places in accordance with this call, for which purpose the UDC shall communicate the data necessary to carry out this function, as reflected in the management assignment to the UDC Foundation (identity data, bank details, personal situations necessary for the correct provision of the service and data relating to the use of the residence hall services).

By participating in this call for applications, the interested party expressly consents to the publication of his/her data in the resolution of the application on the Official Bulletin Board of the UDC's Electronic Headquarters, in the manner provided for in the 7th additional provision of Organic Law 3/2018, on the protection of personal data. The resolution of this call for applications will remain published on the said notice board. Personal data will be kept for as long as they are necessary for the purposes of processing and, in any case, for the periods established by current legislation, without prejudice to the provisions relating to the exercise of the right of deletion and other rights under the LOPD.

The data subject consents to the processing of the data for the purposes of fulfilling the purpose described in this call, and shall have the right to withdraw his/her consent at any

time, without retroactive effect, unless the processing of the data is justified on one of the other grounds of legitimacy provided for in Article 6 of the GDPR. You have the right to request from the controller, at any time, access to, rectification or erasure of your personal data and restriction of their processing. You also have the right to object to such processing, as well as to request, except in cases of public interest and/or exercise of public authority, the portability of your data.

These rights may be exercised:

- As a priority, through the form for the exercise of personal data protection rights, available at the UDC E-Office (<https://sede.udc.gal/>) in the "Other procedures" section.
- By means of a request to the person responsible for data processing (UDC, General Secretariat), at the address Secretaría General, Rectoría de la Universidade da Coruña, calle Maestranza 9, 15001, A Coruña, or by e-mail to rpd@udc.gal; you may also submit the request through the telematic register of the UDC's Electronic Headquarters or at the UDC's on-site registers.
- By means of a request to the Data Protection Delegate, at the same postal address indicated above, or by e-mail to dpd@udc.gal; you may also submit the request through the telematic register of the aforementioned Electronic Headquarters or the UDC's on-site registers.

First final provision

For the purposes set out in article 45 of Law 39/2015, of 1 October, on the common administrative procedure for public administrations, this call for applications and the successive acts of the procedure to which it refers, the publication of which is determined in these rules, will be published on the UDC's electronic bulletin board.

Second final provision

In the event that as a consequence of an exceptional situation it is necessary to carry out a downward redistribution in the allocation of available places, the Vice-rectorate for Students and Employability and the Vice-rectorate for the Ferrol Campus and Social Responsibility are authorised to carry out this downward redistribution in the allocation of available places.

Rector

BD (RR 10/07/2024)

Vice- Rector for Degrees and Internationalisation

Annex I. Assessment of applications for places

Places will be awarded in strict order of receipt of applications, until the total number of places offered is covered. Priority will be given to students with annual stays and those who meet any of the conditions listed below, establishing an order of allocation according to the sum of scores obtained by each participant.

1. Duration of stay (4 points)

The duration of the stay will be taken into account, with annual stays being awarded 4 points. It is not necessary for the student to demonstrate this condition.

2. Condition of having fewer opportunities (3 points)

a) The condition of having fewer opportunities applies to students who face economic, social, cultural, geographical, or health-related obstacles due to their immigrant background, for reasons such as disability and learning difficulties, or for any other reason that may lead to discrimination.

b) To certify this condition, it will be necessary to submit a certificate issued by the home university stating that the applicant is in a situation of fewer opportunities. This condition applies on a priority basis to students from countries whose latest published Human Development Index (HDI) is 0.80 or lower.

3. Students with officially recognized disabilities (3 points)

Applicants who officially accredit a disability that implies difficulties in their mobility and in the development of their daily activities. To prove this condition it is necessary to provide a medical certificate with an official translation into English, when the language is other than Spanish or Portuguese.

Annex II. Documentation to be provided with applications

The student applicant must provide:

- a) a copy of the identification document or passport
- b) a certificate issued by the home university certifying the condition of having fewer opportunities
- c) a medical certificate of disability

When the medical certificate provided is in a language other than Spanish or Portuguese, the student will have to provide an official translation into English.

Annex III. Application for a place in the public university residence hall. Course 2026/27

A CORUÑA UNIVERSITY RESIDENCE FERROL UNIVERSITY RESIDENCE

PERSONAL DATA: (please complete in capital letters)

MAN WOMAN OTHER NO DECLARATION

Surname and first name:.....

Identification document or passport:.....

Data of Birth;.....Address for notification purposes:.....

Postal code:.....Town:.....Province:.....Country:.....

Contact telephone:.....Email:.....

DURATION OF STAY:

Annual

1 semester

ACADEMIC DATA AT UDC:

Student of the Degree in:.....

Student of the Master's Degree in:.....

ACADEMIC DATA (ACADEMIC YEAR 2025/2026):

University of origin:.....

Studies carried out in the academic year 2025/2026:.....

DOCUMENTATION TO BE SUBMITTED: (mark with an X the documentation you are submitting)

Copy of the applicant's identification document or passport

Certificate of fewer opportunities

Certificate of disability

I hereby declare that the information and documentation provided with this application are true and accurate.

Date:.....

Signature:

In compliance with Article 13 of Regulation (EU) 2016/679, of the European Parliament and of the Council, of 27 April, on the protection of natural persons with regard to the processing of personal data (RGPD), and Article 11 of Organic Law 3/2018, of 5 December, on the protection of personal data (LOPD), we inform you that the personal data provided in this application will be processed under the responsibility of the Universidade da Coruña (UDC), with contact details at Maestranza 9, 15001, A Coruña, telephone 981167000, email address rdp@udc.gal. The purpose of the processing of this personal data is the management of the places allocated in the UDC residence halls. All persons who come into contact with this data for the aforementioned purpose shall comply with the duty of confidentiality established in article 5 of the LOPD. The UDC Foundation will be in charge of managing the registrations and cancellations of the students awarded places in accordance with this call, for which the UDC will communicate the data necessary to carry out this function, as reflected in the Management assignment to the UDC Foundation and in the call for places for the residence halls. The interested party consents to the publication of their data in the resolution of the application on the Official Notice Board of the UDC Electronic Headquarters, in the manner provided for in the 7th additional provision of the LOPD, and consents to the aforementioned processing of the data for the purposes described, in the terms established in the call for applications; they will have the right to withdraw their consent at any time, without retroactive effects, unless the processing is justified by any of the other grounds for legitimisation in article 6 of the RGPD. You may exercise your rights of access, rectification, deletion, opposition, portability and limitation of processing, under the terms provided for in the legislation in force, through the channels indicated at: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistos/